REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 18/07/2022 13:06:38
SAIDA **10624/22**

Valedora do Pobo
Galicia

D. Miguel Angel Delgado González
(PLADESEMAPESGA)
PRENSA@XORNALGALICIA.COM

Expediente: T.6.Q/4074/22

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Estimado Sr:

Trasladado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia, recibiuse o seu escrito relativo á falta de transposición dunha directiva europea.

Reclama pola falta de transposición da Directiva 2019/1937 e ao tempo sinala casos nos que considera que sería de aplicación o previsto por dita directiva, por entender que unha persoa que ocupou un alto cargo na Xunta de Galicia promoveu medidas de represalia contra vostede polas súas iniciativas de persecución de presuntos comportamentos corruptos.

En relación co primeiro aspecto, é dicir, co retraso da transposición da directiva citada, a responsabilidade ante a UE da correcta transposición da directiva correspóndelle ás autoridades estatais. Neste senso o Consello de Ministros aprobou o pasado 4 de marzo un anteproxecto de lei para a transposición da directiva.

O prazo de transposición venceu o 17-12-21, razón pola que España, xunto con outros 23 estados membros, é suxeito dun expediente da Unión polo retraso que vostede pon de manifesto. Na data sinalada para a transposición so tres países realizaran a adaptación do seu dereito interno.

Ao respecto é de sinalar que as funcións da Valedora do Pobo veñen definidas no artigo 1.3 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, pola que se rexe, onde se indica que a institución *"poderá supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma galega e dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como a da Administración local naquelas materias que son competencia da nosa Comunidade"*.

Por tanto, se desexa promover unha reclamación co obxecto mencionado pode facelo ante o *Defensor del Pueblo*, que é a Institución constitucional de natureza similar á Valedora do Pobo, pero con competencias de supervisión das actuacións do Estado (artigo 54 CE).

No seu escrito sinala unha serie de actos que considera represalias, e, como consecuencia desas iniciativas, actuacións de determinados órganos xurisdicionais no mesmo senso.

Ao respecto disto último é de sinalar que o artigo 20 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, preceptúa que a Institución non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e suspenderao se, iniciada a

Documento asinado dixitalmente por María Dolores Fernández Galiño, valedora do pobo

Rúa do Hórreo 65, 15700 Santiago de Compostela · Tel.: [0034] 981 569 740 · Fax: [0034] 981 572 335
www.valedoradopobo.gal

Valedora do Pobo
Galicia

actuación, se interpuxere por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional.

Esa imposibilidade de actuación en situacións que se coñezan polos órganos xurisdicionais esténdese aos supostos que se coñeceran con anterioridade por eses mesmos órganos. Iso sucede en aplicación do previsto no artigo 117 da Constitución, que establece que os órganos xurisdicionais xulgan e executan o xulgado de acordo cos principios de independencia e exclusividade.

Conclúese este expediente, sen prexuízo de reabrilo a súa instancia pola aportación de novos datos ou circunstancias.

Reciba un atento saúdo.

Mª Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

Documento asinado dixitalmente por María Dolores Fernández Galiño, valedora do pobo

Rúa do Hórreo 65, 15700 Santiago de Compostela · Tel.: [0034] 981 569 740 · Fax: [0034] 981 572 335
www.valedoradopobo.gal